



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E OITO DE SETEMBRO DE 2022, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN
	D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
(Intervención telemática)	D. DAVID BROCOS VIEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e oito de setembro de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (27/07/2022)

Dáse conta da acta da sesión plenaria celebrada o día 27/07/2022 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación, se procede, da Conta Xeral do exercicio 2021 (Exp. 2022/T017/000001)

Vista a Conta Xeral correspondente ao orzamento do ano 2021, rendida polo Alcalde-Presidente por resolución da alcaldía núm. 378/2022 do 15.06.2022.

Visto o ditame favorable da Comisión de economía e especial de contas do 20.06.2022.

Visto que a Conta Xeral foi obxecto de exposición pública durante quince días, dende o día seguinte da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP núm. 125 do 04.07.2022 ata o 26.07.2022).

Vista a certificación da secretaría do 10.08.2022 no que consta que durante o dito prazo non se presentaron reclamacións reparos ou observacións.

Á vista do anterior e ao obxecto de dar cumprimento aos requisitos previstos no artigo 212 do Real decreto legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais (TRLRFL), proponse:



Primeiro: Aprobar a Conta Xeral do Orzamento de 2021 do Concello de Vedra, composta pola seguinte documentación:

Contas anuais:

- a) Balance
- b) Conta do resultado económico-patrimonial
- c) Estado de cambios no patrimonio neto
- d) Estado de fluxos de efectivo
- e) Estado de Liquidación do orzamento
- f) Memoria comprensiva dos seguintes apartados:
 - Organización e actividade.
 - Xestión indirecta de servizos públicos, convenios e outras formas de colaboración.
 - Bases de presentación das contas.
 - Normas de recoñecemento e valoración.
 - Inmobilizado material.
 - Patrimonio público del solo.
 - Inversións inmobiliarias.
 - Inmobilizado intanxible.
 - Arrendamentos financeiros e outras operacións de natureza similar.
 - Activos financeiros.
 - Pasivos financeiros.
 - Activos construídos ou adquiridos para outras entidades e outras existencias.
 - Transferencias, subvencións e outros ingresos e gastos.
 - Provisións e continxencias.
 - Información sobre medio ambiente.
 - Activos en estado de venda.
 - Presentación por actividades da conta del resultado económico patrimonial.
 - Resumo do desenvolvemento do proceso de xestión dos recursos.
 - Operacións non orzamentarias de tesouraría.
 - Contratación administrativa.
 - Valores recibidos en depósito.
 - Información orzamentaria.
 - Indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios.
 - Información sobre el custe da entidade
 - Acontecementos posteriores ao peche.
 - Estado de Conciliación Bancaria.
 - Balance de Comprobación.

Ás contas anuais acompaña-se a seguinte información complementaria:

- a) Acta de arqueo a fin de exercicio.
- b) Certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a fin de exercicio.

Segundo: Remítala ao Tribunal de Contas atendendo ao modelo e formato normalizado recomendado pola Resolución de 13 de novembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se recomenda un novo formato normalizado da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático para a súa rendición, e que responde ao



esquema de ficheiro formato “xml”, remitíndose telematicamente a través do portal de rendición de contas.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE di que Conta Xeral é un documento técnico e son conscientes de que a técnica de xestión económica ten as contas ao día.

No mes de xullo saíu unha nova no xornal El País na que falaban da débeda dos concellos de España e chamoulle a atención os datos sobre Vedra. Dos concellos da redonda é o concello máis empeñado cunha débeda de 1.209.677 € no ano 2021, o que vén sendo 240 €/habitante. Teo ten unha débeda de 16 €/habitante, Ames 21 €/habitante, Boqueixón 0 €/habitante, Touro 0 €/habitante, Santiago 66€/habitante. É unha diferenza considerable con outros concellos. Pregunta se a Presidencia ten algunha explicación para esta débeda e se ten que ver coa xestión do PP. Recorda a campaña electoral do ano 2011 na que o PP accedeu á Alcaldía na que prometía aos veciños de Vedra que ía facer máis con menos. É cuestionable que se fixese máis pero dende logo non con menos, porque aumentou a débeda en 140 €/habitante.

Dona Yolanda Vieiro do BNG incide en que a Conta Xeral é un documento técnico e parece ser que a débeda cada día crece máis e dá a sensación de que non se fai nada por reducila. Pregunta que é o que pensa facer o grupo de goberno no próximo ano e como ten pensado reflectilo nos orzamentos.

A Presidencia contesta que toma nota dos datos e que lle responderá ao PSdeG-PSOE á súa pregunta no próximo pleno.

Posta a votación, apróbase con once votos a favor do PP e PSdeG-PSOE e dous votos en contra do BNG.

3º.- Aprobación, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal núm. 6 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos (Exp. 2022/G016/000002)

Visto que se considera necesario e oportuno modificar a Ordenanza fiscal núm. 6 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos debido a:

- Por un lado eliminar a taxa pola expedición de certificados de convivencia e residencia dado que os mesmos se poden solicitar e expedirse automaticamente dende a nosa sede electrónica municipal
- Por outra banda incrementar as taxas por dereito de exame para cubrir os gastos que supoñen para o concello os procesos selectivos de persoal para o acceso como funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo:

Proponse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal núm. 6 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos, en concreto o artigo 7 .-Tarifa , no seguinte sentido:

- Elimínase a tarifa pola expedición de certificados de convivencia e residencia
- A tarifa por dereitos de exame queda do seguinte xeito:

DEREITOS DE EXAME	
1.- Para acceso, como funcionario de carreira, ao grupo de titulación A: Subgrupo A1, ou como laboral fixo ao nivel 1	75,00 €



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2.- Para acceso , como funcionario de carreira, ao grupo de titulación A: Subgrupo A2, ou como laboral fixo ao nivel 2	70,00 €
3.- Para acceso , como funcionario de carreira, ao grupo de titulación B, ou como laboral fixo a niveis equivalentes	65,00 €
4.- Para acceso , como funcionario de carreira, ao grupo de titulación C: Subgrupo C1, ou como laboral fixo a niveis equivalentes	60,00 €
5.- Para acceso , como funcionario de carreira, ao grupo de titulación C: Subgrupo C2, ou como laboral fixo a niveis equivalentes	60,00 €
6.- Para acceso , como funcionario de carreira, ao grupo Outras Agrupacións Profesionais, ou como laboral fixo a niveis equivalentes	50,00 €

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo de modificación mediante anuncio no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do mesmo no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o correspondente expediente e presentar as alegacións oportunas
Así mesmo estará á súa disposición na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>)

TERCEIRO.- No caso de que non se presenten alegacións ao expediente no prazo anteriormente citado, o acordo entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo e remitir á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma , no prazo de 15 días dende a aprobación, copia do acordo definitivo de aprobación e copia íntegra da ordenanza.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, di que son conscientes de que nos próximos tempos avexiñanse bastantes procesos selectivos no concello, o que suporá un gasto elevado. Non lle parece axeitado que non teñan ningunha clase de bonificación, como por exemplo fan na Xunta de Galicia na que fan desconto a familias numerosas de réxime especial ou as de réxime xeral; por estar desempregado; por ter unha minusvalía, etc. Non ve ese tipo de bonificación e sobre todo non se acouta no tempo, e que eses procesos selectivos teñen que estar rematados antes do 2024. Gustaríalle que estivese acoutado no tempo e que houbera un compromiso de revisión. De non ter bonificacións o seu grupo votará en contra.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que agora mesmo vai haber moitos procedementos que poden atraer a unha cantidade considerable de persoas que van supor uns custos elevados. Solicita que a suba teña un prazo estimado de duración e se baixen ao rematar estes procedementos.

A Presidencia di que van manter a palabra dada na comisión informativa, cando se supere esta situación extraordinaria, o grupo de goberno asume o compromiso de revisar esas tarifas.

Posta a votación, apróbase con dez votos a favor do PP e BNG e tres votos en contra do PSdeG-PSOE.

4º.- Acordo, se procede, sobre designación dos festivos locais para o exercicio 2023 (Exp. 2022/X006/000030)



Dáse conta da comunicación da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade interesando a designación dos festivos locais para o vindeiro ano.

Dado que Santa Baia (10 de decembro) coincide en domingo, propóñense como festivos locais o día do Patio (18 de setembro) e o día da Ascensión (18 de maio).

A Presidencia di que manteñen a tradición histórica de que sexan festivos o día do Patio e a Santa Baia de Vedra, e cando esta coincida en fin de semana, como sucede este ano, cambialo polo día da Ascensión.

A voceira do grupo socialista di que o seu grupo vai votar a favor.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que van votar en contra e manteñen a súa postura de promover como festivo o martes de Entroido.

Posta a votación, apróbase con once votos a favor do PP e PSdeG-PSOE e dous en contra do BNG.

5º.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdeG-PSOE para establecer bonificacións no IBI para incentivar o autoconsumo solar fotovoltaico no Concello de Vedra.

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG - PSOE na que expoñen que un dos principais obxectivos da sociedade actual é a loita contra o cambio climático, sendo un deber das institucións promover o uso de solucións que garantan unha contorna sustentable e respectuosa co medio ambiente.

O Goberno Central derogou o chamado imposto ao sol e o Consello Europeo acordou un instrumento excepcional de recuperación temporal coñecido como Next Generation EU dotado con 750.000 millóns de euros para o conxunto dos Estados membros, dos que España recibirá 140.000 euros, dos que serán destinados unha parte importante para incentivar o autoconsumo e subvencionar a instalación de placas fotovoltaicas.

Tendo en conta que Vedra forma parte da Red Española de Ciudades polo Clima, que pretende loitar contra o cambio climático e os efectos que del se derivan, apostando por medidas que reduzan a emisión de CO₂ á atmosfera, e sendo o IBI un imposto que é íntegro tanto na súa configuración como na recadación, solicítanlle ao Pleno adoptar os seguintes acordos:

1º.- Bonificar coa redución do 50% do IBI durante 5 anos ás familias e empresas que instalen placas fotovoltaicas para autoconsumo polo menos durante a duración das axudas destes fondos e mostrar así o compromiso adquirido como administración cos veciños e veciñas de Vedra.

2º.- Modificar a ordenanza que o regula para introducir dita medida que nos beneficia a todos.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que hai unha cantidade importante de fondos que vai destinar o goberno de España a fomentar este tipo de instalacións para o autoconsumo, algo que se iniciou na época de Zapatero e co imposto ao sol do PP todo se paralizara bastante.

Cre que este é o momento de darlle un pulo ás enerxías renovables, debido á carestía de combustibles fósiles.

A pesares de ter o concello as contas como as ten, entende que non vai supor un gran quebranto o que se deixe de recadar.

Espera que o concello acuda a esas liñas de subvención e poida compensar unha cousa ca outra e aposte firmemente polas enerxías renovables. Están de acordo en modificar o da bonificación en vez de cinco anos a tres anos e estudar máis a fondo o tema das empresas unha vez xa plasmada na ordenanza.



Gustaríalle que se incluíra un punto máis no acordo, que unha vez estea a ordenanza lista, publicala no boletín e informar a todos os veciños de todas as subvencións relacionadas con este tema.

A Presidencia di que é unha moción interesante e moi acaída nestes tempos. Acudiron a esa asemblea en Málaga porque son membros do consello da Rede Española de Cidades polo Clima.

A cuestión era ir matizando agora para, por un lado, favorecer a descarbonización, e por outro lado non prexudicar os recursos propios do concello. Cre que se poden combinar ambas cuestións, que é bo ir na liña na que van os concellos da redonda e ter certa unidade e por iso están de acordo na bonificación do 50 % do IBI, e agradece a temporalidade de tres anos.

Isto permite os dous obxectivos; por un lado que se incentive que a xente acuda a esas instalacións, e á vez se matice un pouco a perda de recadación que poida haber en relación a esta bonificación.

Por outro lado, agora é o momento de pensar nas familias. As empresas teñen as súas liñas específicas propias de axudas, porque hai matices que facer e circunstancias diferentes.

Agradece que o saquen do acordo, iso non quere dicir que non pensen en autónomos ou pequeno comercio que poidan entrar nesa bonificación.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que votarán a favor porque é o camiño a seguir. Solicita que haxa reunións periódicas durante a tramitación disto, e que se poidan bonificar ás familias que xa teñen instaladas as placas solares.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, no pleno de mes de xuño a Presidencia contesta:

1º.- En canto ao plan de residuos, xa contestara que se convocaría unha xunta de voceiros no que tratarían ese tema e así o fixeron.

-- Ás preguntas formuladas por dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, no pleno de mes de xuño a Presidencia contesta:

1º.- Sobre os gastos que xeraron as clausuras das actividades extraescolares dos nenos, adultos e da animación e desenvolvemento comunitario das persoas maiores, a Presidencia di que o gasto da clausura das actividades culturais e deportivas foi de cero euros. Na de maiores o concello só asumiu as bebidas, non sabe exactamente a cantidade pero non foron máis de 150 €.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do PSdeG-PSOE, no pleno de mes de xuño a Presidencia contesta:

1º.- Respecto das licenzas concedidas para viñedos, a Presidencia di que se concederon as seguintes;

Rectoral do Umia: ten solicitada e concedida licenza polo proxecto construtivo para solución de escorrentías na plantación de viñedos en San Pedro de Vilanova; e agora ten solicitado unha licenza para instalación de regadío por goteo nos mesmos viñedos. Está pendente dalgunha documentación.

O Grupo Torres: fixo unha comunicación previa de movemento de terras para acondicionamento de terreo para plantación de viñedos, e unha licenza de edificación para edificación auxiliar en explotación vitivinícola.

Barallobre: ten solicitada e concedida licenza para canalización de acometida eléctrica, para construción de galpón e construción de peche en Caxaraville.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Mar de Frades: ten solicitado para reparación e mantemento de cuberta en almacén agrícola en Santa Cruz e melloras en edificación.

Salvo erro pola súa parte son as licenzas solicitadas e tramitadas.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Brocos Vieiro, do BNG, no pleno de mes de xuño a Presidencia contesta:

1º.- Respecto a por que o concello de Vedra non participa no programa Apego, a Presidencia di que é un programa para nenos entre 0 -6 anos e para unha inmersión en galego. No seu momento valorouse, pero tanto na gardería, ludoteca como nas actividades do concello e do propio persoal do concello, fanse todas en galego e non o consideraron necesario.

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, no pleno de mes de xullo a Presidencia contesta:

1º.- Respecto da situación do expediente de expropiación forzosa do espazo público en San Xián, di que tan pronto chegue o informe do equipo redactor en relación ás alegacións presentadas polo expropiado, traerao a pleno para a súa aprobación definitiva. Avanza que terá unha xuntanza coa familia este venres para avanzar e axilizar o tema.

2º.- Sobre o correcto funcionamento do streaming, contesta que xa funciona correctamente.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o problema que había era que o enlace que está na páxina web solicitaban rexistrarse para acceder e despois enviaban unha especie de permiso para entrar.

O Sr. Cernadas Méndez, do PP, di que o que pasa é que Youtube cando non está aberto gmail no navegador, di que se abra a conta de gmail para poder activar, porque así é unha forma de que Youtube controla as estatísticas, etc.

Cando se abre dende un enlace externo e non ten aberto o gmail no navegador, di que o abra.

3º.- Respecto á obra de saneamento en Quintáns, di que xa está en execución.

4º.- Sobre a reunión mantida co Delegado do Goberno, di que xa está contestada.

-- Ás preguntas formuladas por dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto á facturación polo servizo de limpeza de Limpezas Faro, S.L, di que xa está contestada.

2º.- Sobre as incidencias que ocorren este ano na piscina municipal, di que son conscientes das reparacións que teñen que executar na piscina. Irán incluídas nos orzamentos para acometelas antes de volver a abril.

3º.- Respecto aos usuarios da ludoteca, a Presidencia di que os datos do mes de setembro son os seguintes:

Días / semana	Usuarios
1	3
2	9
3	13
4	6
5	17
Días soltos	8

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



1º.- Sobre as fochancas onde houbo as avarías da auga antes de que comece a chover, di que é un rogo.

2º.- Respecto as rozas da brigada verde, di que respecta a súa opinión, pero sen entrar no fondo do mesmo, non é tan sinxelo.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a ausencia do concelleiro de obras ao pleno do mes de xullo, di que está desconcertado con esa pregunta e non entende a crítica.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que non critica que unha persoa que non se dedique a isto profesionalmente poida ausentarse; pero unha persoa que ten dedicación exclusiva e sabendo cando vai ser o pleno non debe ausentarse.

A Presidencia di que lle desconcerta a pregunta e non a entende, máxime cando esa persoa está operativa as 24 horas do día os 7 días da semana e os veciños de Vedra son conscientes diso. Cre que esa persoa ten dereito como todo o mundo en calquera traballo a coller unhas vacacións que son necesarias e pertinentes. Cando unha persoa está de vacacións nin a chama nin a molesta, máxime cando o desenvolvemento normal do pleno non impide que un concelleiro se ausente, sexa do grupo de goberno ou da oposición.

2º.- Respecto a reflectir nas actas das sesións plenarias as intervencións de persoas alleas ao pleno, di que as intervencións do público non forman parte da sesión plenaria e por tanto non poden figurar na acta. En calquera caso é unha cuestión que depende de secretaría.

3º.- Sobre o baño na Área de Agronovo, di que queda para o seguinte pleno.

4º.- Respecto ao lixo depositado en bolsas nesa mesma área, di que debeu ser algún día puntual, porque el pasou por alí e estaba en boas condicións.

5º.- Sobre os cans atopados en Vilanova, cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que a pregunta fai referencia a unha publicación que fixo unha asociación de Santiago en redes sociais sobre o trato recibido por dous cans extraviados na zona de Vilanova o 22 de xullo.

O concello de Vedra é exemplo de compromiso co benestar dos animais e da súa protección, con medidas que demostran este feito como as seguintes:

-Entre o persoal do concello existe unha persoa que entre as súas tarefas ten a de levar todos os temas relacionados coa Lei de protección e benestar de animais de compañía. Esta persoa está formada na materia e leva anos tramitando denuncias de maltrato animal e ten colaboración constante co Seprona.

-Vedra foi dos poucos concellos que coa aprobación da Lei de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia do ano 2018 organizou unha charla informativa ao respecto, ademais de unha campaña de educación canina.

-Ao longo destes anos fixéronse varias campañas de colocación de microchips aos animais.

-Este mesmo mes está activa en colaboración coa Asociación APACA unha campaña para colocar microchips e esterilizar cans e gatos.

Con estas campañas, con información periódica no boletín municipal para a prevención do abandono, etc. o concello de Vedra leva anos demostrando especial sensibilidade coa protección dos animais. Atendendo ademais intervencións con animais abandonados en horarios de fin de semana ou fóra do horario laboral, usando as propias redes sociais municipais para a difusión deste tipo de situacións.



Aparte do convenio que no seu día se fixo co Refuxio de Bando, nos últimos anos construíronse dous canís para poder gardar aos animais ata o seu traslado a Bando, que non son un hotel de 5 estrelas pero que para nada son o que describe esta persoa.

Penso que todas estas accións, que se fan en moi poucos concellos, son mostra clara de que Vedra cumpre con todas as funcións que a normativa de protección animal lle encomenda aos concellos e de maneira exemplar. Todo é mellorable e sempre se intenta facelo.

Cre ademais que moitos dos que están aquí sentados teñen especial sensibilidade por eles e os feitos o demostran.

Como xa dixo o Alcalde no pleno anterior, esta información publicada está totalmente terxiversada e fóra de lugar; de feito consta crer que unha asociación que se presupón que ten como obxectivo a protección animal, decida publicar unha información sen ser antes contrastada co Concello ou co responsable de protección civil, de ser o caso, que foi quen estivo presente. O Concello de feito solicitoulle ao traballador municipal de protección civil que fixera un informe do acontecido e dito informe desmonta totalmente o que esta asociación publica nas redes sociais, dende o tempo que esta persoa di que tardou en chegar ao lugar protección civil (non coincide), dende quen levou os cans ata a nave de obras (non coincide), dende as horas que pasaron cando chegou Protección Civil ata que os cans entraron no refuxio (non coincide), dende o estado dos canís tan catastrófico que relata esta persoa e as condicións de temperatura dos mesmos, así como que non tiñan comida nin bebida (non coincide). Non sei se esta persoa pensaba que ao chegar cos cans ás instalacións municipais xa ía estar o aire acondicionado posto e a carne na grella, dende logo non é así. O penso atópase gardado na nave, a auga bótaselles fresca cando chegan, e a temperatura ese día era a que era, dende logo moito mellor temperatura que a do exterior. Nalgunhas ocasións cando a temperatura é alta, colócaselle un aspersor nas uralitas para refrescar. Non sei si moitos canís municipais (os que os teñen) o farán,,,

Polo tanto, non sabemos cal foi o motivo polo que esta asociación publicou unha información totalmente terxiversada, mal intencionada e sobre todo o máis grave non contrastada.

Quero pensar que a preocupación desta persoa por salvagardar a saúde destes 2 animais, engadido a que estaba en horario laboral e tería unha responsabilidade e tarefas que facer, sumado a unhas temperaturas extremas de calor ese día, fixeron que esta persoa tivera unha reacción que normalmente se supón que non debería de ter, e claro, esta información despois vai pasando de persoa en persoa e cada vez tórcese máis ata que chega a unha última persoa que decide compartila en redes sociais, eso sí, posiblemente a terceira ou cuarta versión e sin contrastar en ningún caso nin tan siquera preguntar.

En definitiva, cremos que o mellor nestes casos é a colaboración e a mellor disposición de todos e todas para que estas cousas non volvan a suceder cando se trata de salvagardar aos nósos queridos animais, é certo que todos e todas podemos cometer erros pero dende logo o que non podemos é difundir información, repito, sin contrastar para non crear malos entendidos que foi o que fixo a Asociación Abeiro lamentablemente.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta se falou con dita asociación a raíz deste caso para dar eses datos e que a información chegulle a ela de xente de fóra do concello.

A Presidencia contesta que o lamentable é que esta asociación está dentro da Fundación do Refuxio de animais de Bando, e será na reunión do Patronato cando fale con eles.

7º.- Rogos e preguntas.

-- Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Respecto ás vacacións do concelleiro de obras, é evidente que todo traballador ten dereito a vacacións. Ten defendido en pleno o dereito á asistencia aos plenos dos concelleiros que traballan por conta allea, polo que cre que é acertado criticar a ausencia do concelleiro de obras cando este ten unha dedicación exclusiva.



2º.- Este mes adxudicouse a través da Mesa de contratación unha obra para un plan municipal de acceso a parcelas agrícolas ao que se dedican 55.500 €. Está incluída unha pista que está no tramo da estrada da Deputación ata a ponte de Sarandón, que non é agrícola.

A que si é agrícola é a que se vai asfaltar xusto en paralelo ao acceso a Ximonde, e foina ver e non lle veu ningún problema. A que está en moi mal estado é o último tramo da pista da aldea de Ribeira.

Pregunta cal é o criterio para realizar eses asfaltados e cando vai ter o concello un plan de acceso ás aldeas.

3º.- Pregunta se ten previsto ter algunha reunión cos técnicos da Xunta de Galicia para buscar unha solución ao cruce de Sarandón.

4º.- Parece ser que hoxe estivo a TVG no CPI de Vedra polo problema do transporte escolar con respecto a esa liña que chega tarde. Non é o único concello que ten problemas dese tipo e non só coas liñas escolares, senón con liñas que opera a empresa Monbus.

A Presidencia dixo que ía ter unha reunión coa Dirección de Mobilidade, e solicita que lle traslade unha pregunta; se se executou algunha multa a esa empresa por incumprimento de contrato, se está previsto ou se ten algún expediente aberto ao respecto.

5º.- Pregunta que sucede co peche da ponte de Gundián e como están as comunicacións con ADIF.

6º.- Propón que se cre unha listaxe para a posible substitución da traballadora social.

7º.- O seu grupo trasládalle á traballadora María Canedo unha pronta recuperación.

8º.- Pregunta en que situación está a obra de saneamento prevista en Santa Cruz e San Mamede froito do acordo con Augas de Galicia.

9º.- Respecto ao plan de biorresiduos, pregunta se para o próximo pleno pode dar unha data para o comezo da importante campaña de información aos veciños, xa que queda un importante traballo de concienciación por diante.

10º.- Pregunta cal é a situación do censo de poboación.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Solicita a contratación de máis efectivos de Protección Civil, porque agora só hai un, e que sexan persoas especializadas que poidan atender pequenos incendios, usar motobombas, etc. porque non cre que os voluntarios poidan traballar neste tipo de temas e non se pode estar chamando a outros concellos que teñen máis efectivos sendo máis pequenos ca Vedra.

2º.- Xa que vai ter a reunión coa Dirección Xeral de Mobilidade, solicita que lle traslade o aumento de autobuses pola mañá para que cheguen antes das 8:00 con tempo suficiente para que a xente poida acudir aos seus postos de traballo.

3º.- Solicita que se poidan esterilizar os gatos sen dono para poder regular as camadas e telos controlados.

Conclúe ao fio das vinte e unha horas e trinta e cinco minutos.